CENTRO CULTURAL

# JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN

BEGONTE (Lugo)

# XXV certame de xornalismo sobre "O NADAL"

Patrocina:

XUNTA DE GALICIA

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co patrocinio da Xunta de Galicia, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

# XXV CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

**A.** Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

**B.** Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.– 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

**C.** O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de 2001, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

**D.** A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL DE 2000